

CICLO PRINCI- PAL

 **TEATRO**
Rosalía Castro
OUTONO
2025

CICLO PRINCIPAL

 **OUTONO
2025**

Venres 12 e sábado 13 de setembro

CAMINO A LA MECA

Venres 26 e sábado 27 de setembro

GO HOME

Venres 03 e sábado 04 de outubro

ICONOS O LA EXPLORACIÓN DEL DESTINO

Venres 10 outubro

MATRES

Sábado 18 outubro

EL ENTERRADOR

Venres 07 e sábado 08 de novembro

MARÍA CALLAS, SFOGATO

Venres 14 e sábado 15 de novembro

DYSPHORIA

Venres 28 e sábado 29 de novembro

YO SÓLO QUIERO IRME A FRANCIA

Venres 12 e sábado 13 de decembro

LOS LUNES AL SOL

Venres 19 e sábado 20 de decembro

HOY NO ESTRENAMOS

Sábado 27 de decembro

CRISÁLIDA

CAMINO A LA MECA



Venres 12 e sábado 13 de setembro

Producción de Pentación Espectáculos

CAMINO A LA MECA

De Athol Fugard

Unha das principais razóns que atopo para sumarme a un proxecto é saber, ou intuír, que será a oportunidade de coñecer e compartir experiencias con persoas que me conmovan para sempre. Fun moi afortunado na miña vida en contar co agarimo e a complicidade de artistas inmensos. Fonte de inspiración.

Namoreime de Lola Herrera en cada encontro. Fascinado co seu carisma, conmovido pola súa lucidez, alucinado pola súa curiosidade e o seu desexo.

Tratábase entón de atopar un material que estivese á altura de semellante muller, que representase dalgunha maneira todo aquilo do que ela desexaba falar. E eu con ela.

El camino a la Meca de Athol Fugard, inspírase nunha muller real, Helen Martins, que se rebelou contra todos os estamentos da súa época. Un ser que persegue o desexo, a luz da inspiración que non corresponde a ningunha idade nin a ningunha xeración. Alguén que prefire as preguntas ás certezas, que valora a súa liberdade e a súa autonomía enfrontando ao seu tempo e ao mundo que a rodea.

Ao lela escoite a voz de Lola latexando en cada texto. Sen transcendencias flota no aire as ganas de vivir con liberdade e de facelo intensamente.

Desexabamos conformar un elenco co que a viaxe fose enriquecedora e pracenteira, porque todos sentimos que esta será unha experiencia do todo transformadora.

Honado e entusiasmado por este novo proxecto que creo que vai quedar na mente e nos corazóns dos que o facemos e en cada un dos espectadores que nos acompañen.

Claudio Tolcachir

Repartimento:

Lola Herrera

Natalia Dicenta

Carlos Olalla

Equipo artístico/técnico:

Dirección: Claudio Tolcachir

Escenografía: Alessio Meloni

Vestuario: Pablo Menor

Iluminación: Juan Gómez-Cornejo

Axudante de dirección: María García de Oteyza

Xerente/Rexidor: Leo Granulles

Técnico de son: Félix Botana

Técnico de iluminación: Javier Gómiz

Maquinista: Alfonso Peña

Perruquería e sastrería: Gema Moreno

Duración estimada:

85 minutos (sen intermedio)

Entradas:

Tarifa Meca



Venres 26 e sábado 27 de setembro

Etiqueta Negra

GO HOME

De Jose Luis Prieto Roca

GO HOME conta a historia de David, un fanático do turismo que xa fixo todo tipo de aventuras que as axencias de turismo lle podían ofrecer. Todas menos unha: unha viaxe sorpresa, a cegas, na que non sabe o que lle vai acontecer. A peripecia levará a pasar a noite no Cebreiro, comezando unha aventura na que David gozará de emocións intensas, tales como a dúbida, o medo e a sorpresa.

GO HOME é o novo espectáculo dirixido por **Tito Asorey**, e está protagonizado por **David Amor** e **Josito Porto** en asociación con grandes da dramaturxia como **José Prieto**, **José Faro**, **Laura Iturralde**, **Patricia Ferreira** e **Xavier Porto**. Trátase dunha comedia, comprometida coa realidade e cun elenco de luxo para tratar unha das temáticas máis de actualidade do momento: o turismo e a xerintrificación.

Esta peza teatral observa a realidade, así como as súas problemáticas asociadas a Galicia, na procura dunha obra chea onde teñen cabida a reflexión, a diversión e a investigación escénica.

Repartimento:

David Amor

Josito Porto

Equipo artístico/técnico:

Dirección: Tito Asorey

Escenografía: José Faro

Iluminación: Laura Iturralde

Vestuario: Patricia Ferreira

Música: Xavier Bértolo

Duración estimada:

65 minutos (sen intermedio)

Entradas:

Tarifa B



ICONOS O LA EXPLORACIÓN DEL DESTINO

Venres 03 e sábado 04 de outubro

Gestión y Producción Batky, SL

ICONOS O LA EXPLORACIÓN DEL DESTINO

De Rafael Álvarez 'EL BRUJO'

Iconos o la exploración del destino é un monólogo de humor que reflexiona sobre o destino na traxedia grega. Desfilan por este espectáculo as grandes figuras icónicas de Medea, Edipo, Antígona e finalmente Hécuba. A exploración do destino vén da man dunha exposición comparada desta forza determinante (o destino) na vida dos heroes tráxicos e así mesmo nos relatos da mitoloxía hindú, onde o concepto de karma inclúe no dinamismo do destino, o concepto de liberdade.

Todos estes ingredientes van intercalados con experiencias autobiográficas do propio autor e actor, a modo de parodias de humor, con elementos didácticos do repertorio habitual do Festival de Teatro Clásico de Mérida.

Repartimento:

Rafael Álvarez, EL BRUJO como actor solista

Música en directo de Javier Alejano

Equipo artístico/técnico:

Dirección: Rafael Álvarez

Axudante de dirección: Oscar Adiego

Música orixinal: Javier Alejano

Escenografía: Equipo Escenográfico PEB

Iluminación Miguel Ángel Camacho

Vestuario: Georgina Moustellier

Producción executiva: Herminia Pascual

Jefe técnico: Oskar Adiego

Duración estimada:

85 minutos (sen intermedio)

Entradas:

Tarifa E



MATRES

Venres 10 outubro

Produción de Cia Campi Qui Pugui

MATRES

Creación colectiva de Jordi Pedrós, Cristina García, Aitana Giralt, Erik Varea e Marc Espinosa

Un neno crece nun pequeno pobo rodeado de paxaros, de flores de manzanilla e de tres mulleres. Tres xeracións: a nai, a tía e a avoa. Catro intérpretes ao servizo dunha historia que trata a maternidade e a infancia, a enfermidade e a morte. Unha historia de amor, aventuras, supervivencia e zapatillas voadoras, onde a vida se converte nunha auténtica loita de super heroes e de super heroínas.

Repartimento:

Cristina García

Aitana Giralt

Jordi Pedrós

Erik Varea

Equipo artístico/técnico:

Dirección: Rosa Díaz

Deseño escenografía: Joan Pena, de Plancton Escena

Construción: Escenografía, Máscaras e títeres: Plancton Escena

Música: Composición: Manuel Dabove Voz: Clara Gispert.

Iluminación: Marc Espinosa

Vestuario: Rosa Solé

Animacións vídeo Laura Larios Ros e Quer Lloveras

Duración estimada:

65 minutos (sen intermedio)

Entradas:

Tarifa A

Premios FETEN 2025:

Premio á Mellor Autoría

Premios da Crítica de Artes Escénicas

de Cataluña 2025: Premio ao mellor espectáculo familiar

Premios da Mostra de Igualada 2025:

Premio do Público ao Mellor Espectáculo



EL ENTERRADOR



Sábado 18 outubro

Teatro de dos en coprodución con Mediterránea

EL ENTERRADOR

De Gerard Vázquez

Un actor prepara o monólogo que representará ante os espectadores de aquí a poucos días. Escribiuno el mesmo a partir do que a súa familia, nacida no mesmo pobo do personaxe que interpreta ("o enterrador"), lle explicou durante anos sobre el e sobre o seu avó. Hoxe acudiu ao teatro para ensaiar só, horas antes do ensaio previsto, e facer un pase da obra. O personaxe que interpreta ha de enterrar, como cada día, aos fusilados que levaron ao cemiterio. Entre os cadáveres daquel día reconece a un amigo, tamén veciño do pobo, que el cría morto na fronte. Desfógase con el explicándolle a súa situación e o que está a facer, poñendo en risco a súa vida, para axudar aos familiares dos fusilados a localizar o lugar onde os enterrou e poder identificados cando se dea a ocasión. O ensaio interrómtese diversas veces: chamadas telefónicas do director da montaxe e chamadas á súa nai, a cal, por mor da actual deterioración da súa memoria, sostará algúns detalles diferentes respecto a os que el cría saber sobre o seu avó e o amigo morto do enterrador. Versión que lle fará dudar de cal é realmente a verdade sobre eles.

Repartimento:

Pepe Zapata

Equipo artístico/técnico:

Dirección: Gerard Vázquez

Dramaturxia: Gerard Vázquez

Asesoría do espazo escénico e iluminación: Ignasi Camprodon

Música: Nana composta por Gerard Vázquez

Fotografía: David Ruano

Producción artística: Montse Enguita

Producción executiva: Pepe Zapata

Duración estimada:

50 minutos (sen intermedio)

Entradas:

Tarifa ÚNICA



DOUS PASES NO MESMO DÍA

ESPECTÁCULO CON AFORO
REDUCIDO. NON ACCESIBLE
PARA PERSOAS CON
MOBILIDADE REDUCIDA

A woman with long dark hair, wearing a white, long-sleeved, floor-length dress with a large bow at the waist, is performing on a stage. She has her arms raised, with her right hand pointing upwards and her left hand near her chest. The stage is dimly lit, with warm light coming from the background. In the foreground, there is a row of small, lit candles in dark holders. The background shows a wooden wall and a dark chair.

MARÍA CALLAS, SFOGATO

Venres 07 e sábado 08 de novembro

Produción de ATG Entertainment

MARÍA CALLAS, SFOGATO

De Pedro Vállora

María Callas é, incluso hoxe, a cantante máis famosa do mundo. Sobre ela escribíronse infinidade de artigos e libros e realizáronse películas e documentais, e aínda así segue apaixonando o seu misterio. Foi todo na arte e perdeuno por amor e desamor. A paixón foi o seu motor: paixón pola arte, paixón polo amor.

María Callas, Sfogato é un espectáculo íntimo que nos mostra a unha muller vulnerable, acosada pola prensa e os admiradores, pero tamén a unha artista maiúscula, sen límites e invencible, como é propio dunha soprano sfogato.

Coa única compañía de Bruna, a súa ama de chaves e quizá a persoa que máis preto estivo da súa intimidade, María desvélanos parte dos seus segredos, os que a encheron de vida e os que a levaron a unha morte trágica á curta idade de 53 anos.

Pedro Vállora

Repartimento:

Mabel Del Pozo: María

Anabel Maurin: Bruna

Eva Marco: Callas

Natasha Belenova: Piano

Equipo artístico/técnico:

Director de escena: Alberto Frías

Escenografía: Juan Sebastián Domínguez

Vestuario: Sabina Atlanta


Iluminación: Enrique Toro

Duración estimada:

80 minutos (sen intermedio)

Entradas:

Tarifa E



DYSPHORIA

Venres 14 e sábado 15 de novembro

Produción de Histrión teatro

DYSPHORIA

De María Goiricelaya

DYSPHORIA é un monólogo arriscado e cheo de teatralidade que pon o foco na recente lei trans, na fraude de xénero e na loita da sociedade pola non vulneración ética desta norma. É un traballo que nos reta a cuestionar os nosos paradigmas; un detonador que nos obriga a pensar en como opera a xustiza nun mundo construído para que os dereitos e liberdades non sexan iguais para todes. Ela está en shock. A súa filla de quince anos acaba de confesarlle que non é unha moza; senón que é un mozo. Xa non será máis Alejandra, será quen realmente é: Alex. A terapia, os grupos de sensibilización, nada é suficiente para aceptar o feito de que a súa filla xa non será máis a súa filla e a negación, a resistencia e a frustración ábrense paso desde a dor que provoca o cambio. Con todo, todo xira cando a policía chega a casa acusando a Alex de agresión sexual. Este feito inesperado empuxa á nosa protagonista a emprender unha frenética carreira para tentar comprender ao seu fillo e protexelo fronte a todo aquilo que quere illalo, destruílo e roubarlle a súa identidade e os seus dereitos como ser humano.

Repartimento:

Gema Matarranz

Equipo artístico/técnico:

Dirección: María Goiricelaya

Axudante de dirección: Ane Picaza

Deseño e construción de escenografía: Álvaro Gómez Candela e Giacomo Ciucci Gómez

Deseño de iluminación: Juan Felipe “Tomatierra”

Música orixinal: Ibon Belandia

Espazo sonoro: Ibon Aguirre

Comunicación e deseño gráfico: Divina Palabra

Imaxen do cartel: Palen

Técnicos en xira: Juan Felipe “Tomatierra” e Ernesto Monza

Produción executiva: Nines Carrascal e Sonia Espinosa

Colabora: Portal 71

Duración estimada:

75 minutos (sen intermedio)

Entradas:

Tarifa B

PROGRAMACIÓN ESPECIAL
NO MES DA LOITA CONTRA
A VIOLENCIA MACHISTA



YO SÓLO QUIERO IRME A FRANCIA

Venres 28 e sábado 29 de novembro

Contraproducións en coprodución con Tentazioa Producciones e Yapadú Producciones

YO SÓLO QUIERO IRME A FRANCIA

De Elisabeth Larena

Inés asiste ao velatorio de Pilar, quen decide deixarlle a súa casa en herencia sen tela coñecido nunca e sen avisar a Leo, a súa neta. Xuntas descubrirán un pasado que descoñecían, abrindo vellas feridas familiares que se remontan á nenez da propia Pilar durante a Guerra Civil e a súa xuventude na Sección Femenina.

Repartimento:

María Galiana

Nieve de Medina

Ledicia Sola

Alicia Armenteros

Equipo artístico/técnico:

Directora: Elisabeth Larena

Escenografía: Fernando Bernués Gambarte

Vestuario: Ana Turrillas

Iluminación: Pablo Fernández

Deseño espazo sonoro: Eduardo Soriano

Axudante de dirección: Javier López Patiño

Axudante de produción: Patricia Souto 21

Dirección de produción: Belén Pichel

Duración estimada:

90 minutos (sen intermedio)

Entradas:

Tarifa A

LOS LUNES AL SOL



Venres 12 e sábado 13 de decembro

Producción de GG Producción Escénica e Teatro del Nómada coa participación de: AJ Claqué, Mardo, Saga Producciones, Juan Carlos Castro e María Díaz Comunicación

LOS LUNES AL SOL

De Fernando León de Aranoa e Ignacio del Moral. Adaptación de Ignacio del Moral e Javier Hernández- Simón.

Los lunes al sol móstranos de maneira realista e conmovedora as loitas diarias, a frustración e a desesperanza que nos atopamos ao tentar atopar traballo nun mercado laboral competitivo e en constante cambio. Como a falta de oportunidades e a presión social afectan as relacións persoais, a autoestima e a esperanza dun futuro mellor. *Los lunes al sol* é unha poderosa reflexión sobre como as circunstancias económicas poden moldear a identidade e as relacións humanas. A través da súa narrativa sincera, exponnos preguntas sobre a xustiza social e o sistema laboral contemporáneo, convidándonos a reflexionar sobre as desigualdades na nosa sociedade.

Repartimento:

Nata/ Funcionaria / Banqueira: Mónica Asensio

Jose: Marcial Álvarez

Lino: José Luis Torrijo

Santa: Fernando Cayo

Reina/ Fiscal/ Administrativo: Fermi Herrero

Rico/ Abogado/ Funcionario: Fernando Huesca

Amador: César Sánchez

Ana: Lidia Navarro

Voz en off: Pepa Pedroche

Equipo artístico/técnico:

Dirección: Javier Hernández-Simón

Diseño de iluminación: Juan Gómez-Cornejo (AAI) y Ion Anibal (AAI)

Diseño de escenografía: Ricardo S. Cuerda

Diseño vestuario: Elda Noriega (AAPEE)

Dirección musical, composición e espazo sonoro: Álvaro Renedo Cabeza

Canción “Consejos del mar” orixinal de: Daniel Saiz

Axudante de dirección: Jon Ander Ribote

Rexidor: Kiko Ortega

Técnico de maquinaria: Francisco Agudo

Técnico de iluminación e son: Tomás Ezquerra

Xefa de produción: Tanya Riesgo

Dirección de produción: Carmen García
e Graciela Huesca

Duración estimada:

100 minutos (sen intermedio)

Entradas:

Tarifa SOL





HOY NO ESTRENAMOS

Venres 19 e sábado 20 de decembro

Produción de L'Om Imprebís

HOY NO ESTRENAMOS

Unha comedia escrita por Imprebís

Unha invitación para descubrir o Teatro a través da mirada de 12 persoas correntes, interpretadas maxistralmente e a velocidade de vertixe por só 2 actores: Carles Castillo e Carles Montoliu. Sen artificios, só cambiando un obxecto en escena, convídannos a unha viaxe que transita comedia, romance e emoción para mergullarnos en historias cotiás moi reais.

Completan o elenco, a experiencia de Santiago Sánchez e a mocidade do músico e actor Víctor Lucas que, encarnando un personaxe de xénero non binario, móstranos como o teatro pode cambiar a vida das persoas e a importancia da aprendizaxe a través da diversidade e a inclusión.

Repartimento:

Carles Castillo
Carles Montoliu
Santiago Sánchez
Víctor Lucas

Equipo artístico/técnico:

Codirección: Michel Lópezey Santiago Sánchez
Deseño de escenografía: Dino Ibáñez
Deseño de vestuario: Gabriela Salaverri
Deseño de iluminación: Rafael Mojas
Coach de canto: Ángel Ruiz

Coordinación técnica: Light Expo

Fotografía: Vicente Jiménez y Nacho Arias

Imaxe e deseño gráfico: MINIM Comunicación

Redes sociais: Pablo Ricart

Prensa e comunicación: María Díaz

Dirección de produción: Camino Lapresta

Distribución Raquel Berini

Duración estimada:

90 minutos (sen intermedio)

Entradas:

Tarifa A

CRISÁLIDA



Sábado 27 de decembro

Produción de Caramuxo Teatro

CRISÁLIDA

De Juan Rodríguez e Laura Sarasola

Os irmáns Seoane (Nieves e Fernando) correteaban alá polo 1942 pola mercería A Crisálida, recentemente traspasada a súa nai. A mercería xa era, por aquel entón, unha das máis destacadas do comercio coruñés. Nela destacaban os seus escaparates, abarrotados de medias, mantillas ou mantóns. Pasados os anos, os Seoane tomaron o relevo da mercería e convertéronse rapidamente nun dos máis queridos entre a clientela da céntrica rúa de San Andrés. Os irmáns parecían saídos dunha película de Jean Pierre Jeunet. Cando pedías un botón, unha cremalleira ou un par de calcetíns, desaparecían na trastenda; ao pouco, aparecían cunha torre de caixas amarradas por unhas longas gomas elásticas, e cun ritmo doutro tempo, dispoñíanse a ofrecer a súa ampla variedade de material. Ir á Crisálida significaba entrar noutra realidade, era "*unha mercería con atmosfera de museo ou gabinete de curiosidades*", como a definiu Luis Pousa no seu relicario de rúas de Atlantic City. No 2016, por obras de rehabilitación do edificio onde se situaba o comercio, A Crisálida tivo que trasladarse a un baixo próximo da mesma rúa.

Repartimento:

Laura Sarasola Pontón

Josito Porto

Juan Rodríguez

Beatriz Deus Bouzas

Equipo artístico/técnico:

Dirección: Olga Margallo

Vestuario: Diego Valeiras

Monicreques: Iker Pérez

Banda sonora orixinal: Tito Barbeito

Máscaras: Antía Ferrer

Escenografía: Diego Valeiras

Deseño de iluminación e técnica: Suso Jalda

Duración estimada:

50 minutos (sen intermedio)

Entradas:

Tarifa B

ESPECTÁCULO SOBRE A MEMORIA
COLECTIVA DA CIDADE DA CORUÑA

OBRADOIRO *CREACIÓN DE MANTAS DE
BOTÓNS* ÁS 12.00 H NA SALA XAN LÓPEZ
EIRÍS (TEATRO ROSALÍA CASTRO)

HORARIOS

Todas as funcións se representarán ás 20.30 h agás o espectáculo *El enterrador* que terá dous pases no mesmo día un ás 18:30 h e outro ás 20:30 h.

Puntualidade: unha vez que comece o espectáculo non se permitirá acceder á sala.

ENTRADAS

- Tarifa MECA/SOL: 25'00, 20'00, 15'00, 10'00 €.
- Tarifa ESPECIAL: 21,50 €; 15,00 €; 13,00 €; 9,50 €.
- Tarifa A: 18,00 €; 14,00 €; 11,00 €; 8,50 €.
- Tarifa B: 14,00 €; 10,00 €; 8,00 €; 6,50 €.
- Tarifa ÚNICA: 12:00 €.
- Tarifa visibilidade reducida -butacas comprendidas entre a 37 e a 57 e a 36 e 56 en TERTULIA-: 5,00 €.
- Tarifa mobilidade reducida: establécese o prezo menor da tarifa correspondente ao espectáculo ou o 70% da tarifa cando esta é única.

DESCUENTOS

Carné Xove, maiores 65 anos, desempregados: -20%.

Familias numerosas: - 25%.

Grupos + 20 personas, en compra anticipada -50%.

Os descontos de ABONOS, de carné xove, de + 65 anos, desempregados, familias numerosas e grupos de + 20 personas en compra anticipada, non son acumulables entre sí.

VENDA DE BILLETES

- Despacho de billetes da praza de Ourense: de luns a venres, agás festivos, de 11.00 a 15:00 h e de 16:30 a 19:30 h.
- Despacho de billetes do Teatro Rosalía Castro: aberto só os días de función, de 16:00 a 20:00 h.
- WEB: **ataquilla.com**. Servizo permanente 24 h.

PAGOS

Despacho de billetes da praza de Ourense, do Teatro Rosalía Castro e televenda con tarxeta de débito ou crédito.

MÁIS INFORMACIÓN

www.coruna.es/cultura e nas redes sociais do Teatro Rosalía Castro.

Ω PARA OÍR MELLOR

O TRC dispón dun sistema de auriculares a través dos que se pode recibir sinal amplificado do son. Tamén se ofrece o servizo de bucle magnético que permite facer chegar o sinal de audio correctamente ao audífono ou implante eliminando ruído de fondo.

Por razóns de hixiene, recomendamos traer os propios auriculares da casa.

Para máis información, preguntar ao personal de sala.





Concello da Coruña